

**O futuro Centro Cívico polariza a política de Ponteareas**  
Páxina 4

**Goberno e oposición valoran un ano de goberno de Nava Castro**  
Páxina 5

**A Cañiza recupera a citania castrexa das Grades**  
Páxina 7

**Mondariz recibe 39.000€ para actualizar o PXOM**  
Páxina 10

**Entrevistas Novas Eurociudades Miñotas**  
Páxinas 14 e 15

**Salceda acolle o Axente Tutor para protexer á infancia**  
Páxina 16

**O Porriño entregou os I Premios Antonio Palacios**  
Páxina 18

**Verónica Tourón renuncia como concelleira de Salceda**  
Páxina 20



## Alcaldes do Condado Paradanta esixen enlace á A-52 sentido Ourense

Páxina 12



**Ana Pontón** Voceira Nacional do BNG

**“O PP está inmerso nunha soberbia absolutista e por iso non pacta con ninguén”**

Páxina 24

**Un verano más pensando en ti**

HASTA **50%** DE DESCUENTO

**pikolin** Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

**BOINSCON CENTER**

**euronics** Concha Brey, 4 PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52



## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## Día de Galicia, Día da Patria Galega

A celebración do 25 de xullo non é o mesmo segundo para quen. A maioría dos galegos e galegas celebran o día de Santiago Apóstolo, aquel que din apareceu soterrado e foi homenaxeado como o guía espiritual que chegara a Galicia nunha barca. Uns din que de pedra, outros non saben ben de que estaba feita. Iso non é o importante. O que conta é que chegou e hoxe está durmindo o sono da eternidade na catedral de Santiago de Compostela. Alí acoden milleiros de peregrinos cada ano para darlle un abrazo de amigo (el non pon pegas) e pedirlle que atenda as súas súplicas.

Outros galegos e galegas temos declarado esta data como o Día da Patria Galega, con Santiago ou sen el, iso non importa, porque non se trata de homenaxear a ningún santo ou santa senón de sinalar un DÍA DE GALICIA no que todos nos sintamos irmáns, polo menos nesa festa.

Pero aquí tamén temos diverxencias; existen distintos puntos de vista segundo se mire. Hai galegos que celebran este Día de Galicia pero xa non se senten tan cómodos cando lle preguntamos se tamén cren que este día pode ser o DÍA da

PATRIA GALEGA porque para eles o termo "patria" xa lles proe un chisco. Si pero non, que diría o indeciso, o dubidoso o que non ten claro se Galicia como País debe ter un DÍA DO PAÍS, UN DÍA DA PATRIA.

Xa levamos moito tempo con esta teima. Os que chamamos devanceiros, porque xa crían malvas tempos ha, falaban, escribían de Galicia como célula de universalidade, como un todo indivisible e independente. Eles e elas crían nunha Galicia dona de si e dos seus proxectos como País ceibe e soberano. Deixáronnos unha morea de textos escritos enfocados a este principio vital: Galicia debe ser unha nación independente das demais que conformaban, daquela, a chamada Península Ibérica.

Hoxe están recibindo homenaxes de seguimento. Dedicámoslle un Día das Letras Galegas, mostramos a súa obra, as veces unha total descoñecida, e sentímonos xunxidos e facendo piña con aqueles homes e mulleres.

Pero iso xa non da mais de si. Levamos así moreas de anos e apenas se nota, máis ben nalgunhas situacións vai enfraquecendo. Acostumámonos a esa Festa das



Letras e rematamos como se fora unha festa máis das miles que se celebran por toda a nosa xeografía. Nos colexios fanse un montón de actividades sobre ese Día das Letras. A rapazada escribe e recita cousas en galego; fanse revistas, poemas e obras de teatro. Todo moi "güai" como din agora eles. Pero cando saen da escola e soben ao autobús ou se atopan cos seus pais e nais o galego xa non forma parte da súa vida, da súa conversa cos seus seres queridos ou amigos de sempre.

Co Día da Patria pasa algo parecido. Ese día en Santiago encóntranse milleiros de galegos e galegas con bandeiras e gorros con lendas sobre Galicia, sobre a Patria Galega. Pasean polas rúas cara a

Praza da Quintana onde os políticos soben a unha tribuna e ofrecen os seus discursos fervorosos animando a todos a perseguir esa estrela polar que nos transporte no empeño de conseguir que Galicia sexa unha Nación Soberana, tal como soñaron os nosos devanceiros.

Pero, pasa o día e pasa a romaría. Chega o momento de tomar decisións políticas, de elixir aos representantes desa pretendida Nación Galega e os intereses de cada quen xa non coinciden igualmente. Uns porque se consideran os donos das esenciais patrias e liberos deus de contaminarse con advenedizos. Outros porque se senten galegos pero dentro dunha orde, sen pasarse. E os máis porque nin sequera iso. Gústalles a festa, disfrútana e todo o que se queira pero, como din os vellos, a vaquiña polo que vale. E aquí a vaquiña é o cocido asegurado, non importa en que idioma, as vacacións pagadas. O resto deberá chegar sen esforzos.

Vostedes páseno ben se poden que só temos unha vida e debemos gozala o mellor posible.

Bo Día de Galicia – Bo Día da Patria Galega

## XII edición do Festival Groba

O director xeral de Cultura da Xunta, Anxo M. Lorenzo, participou na presentación da XII edición do Festival Groba, que se celebrará en Ponteareas do 12 ao 24 de agosto. Este festival atópase enmarcado dentro da nova edición de CulturON, a campaña que ten en marcha a Xunta e que enche os meses de estío de cultura ofrecendo máis de 30 actividades diarias.

Esta edición contará con concertos, obradoiros, conferencias, clases maxistras, presentacións de discos ou concursos de interpretación. Ademais, no evento terá lugar a estrea de Danzas Gulanesas, unha obra do ciclo étnico Galicia Anterga que será interpretada pola Orquestra de Cámara Galega e a clausura desta edición que a fará a Orquestra Sinfónica de Galicia.

## I Concurso de Poesía Letras Galegas

O Concello de Ponteareas entregou os premios do I Concurso de Poesía Letras Galegas 2024 convocado co obxectivo de fomentar a creación literaria en lingua galega.

O xurado, formado por Alfonso Pezegueiro, Manrique Fernández, e Déborah Francisco, decidiron outorgar o primeiro premio na categoría xuvenil

a Pablo Rodríguez Represas, que presentou o poema "O mar". Na categoría adultos o primeiro premio foi para Víctor Pérez Estévez, co poema "Perdín en Ponteareas un verso"; o segundo premio a Alba Sestelo Pregel, co poema "Volvín", e o terceiro premio a Évelin García Faro, co poema "Vila da néboa".

CONFITERIA

Especialidade en rosquillas e melindres

**Regino**

Nova gama de produtos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

forjados  
hinos. durain s.l.

www.forjadosduran.com

**FORO A PENEIRA**

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Redactor Xefe:** Roberto Mansilla Blanco.

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursosspanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## PONTEAREAS

## O Concello prevé a posta en marcha da Residencia de Artistas e a sede da UNED

A alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, acompañada do subdirector de UNED Pontevedra, Alfonso Vázquez Reboredo, informou que o edificio da Residencia de Artistas e Pensamento será tamén a sede da extensión local da UNED. Castro e Vázquez Reboredo amosaron as súas expectativas de que estas iniciativas entren en funcionamento este verán na sede da

Praza Maior.

A Alcaldesa salientou o importante papel que terán para Ponteareas e a Comarca a Residencia de Artistas e Pensamento e a sede da UNED ao promover o estudo e investigación, actuar como dinamizador social e económico, completar a formación da cidadanía a calquera idade e supor unha plataforma de lanzamento de novos talentos así como

"reactivar a vida da Praza Maior".

O subdirector da UNED informou que neste momento hai 170 persoas participando nos diferentes cursos que se están impartindo para séniors, mocidade ou persoas en idade laboral. Pola súa banda a Residencia de Artistas terá carácter multidisciplinar, de titularidade pública e de uso gratuito, ofrecendo pensión completa e asesoramento de técnicos artís-



ticos e culturais, incluíndo masterclasses con artistas e pensadores de recoñecido prestixio nos eidos de traballo das persoas residentes.

A iniciativa conta con Fondos

EDUSI reservados por valor de 700.000€. A obra tivo un custo inicial de 1.100.000€, máis 250.000 € da compra do edificio e un gasto de 170.000€ en equipamento. Un total de 1.520.000€.

## O Ateneo Amado Garra pide o amparo de Hacienda para o uso do Centro Cívico

O Ateneo Amado Garra ven de poñer en coñecemento da Dirección General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda a intención do goberno municipal de Ponteareas de modificar o destino e uso do Centro Cívico contradicindo os acordos, informes e documentos que permitiron hai varios anos a concesión de preto de 1 millón de euros pola Unión Europea ao Concello de Ponteareas.

A comunicación, suscrita por asociacións como a C. M. Ponteareas, ACS Chambo Libris, a protectora Gatitude, a asociación de alfombristas da rúa dos Ferreiros 1 tramo, as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública e O Condado con Palestina, repasa toda a documentación que é pública e na que se plasma un Centro Cívico como espazo concebido para os colectivos sociais e para segmentos da sociedade como a mocidade e a infancia.

No escrito, asinado polo Pre-



sidente do Ateneo, Roberto Mera, advírtese ao Ministerio de Hacienda de que o concello anunciou a intención de cambiar os usos para convertelo nunha "residencia de artistas". Coa comunicación adxuntouse a documentación referente ao intento recente de contratación, por parte do Concello, do mobiliario para o Centro Cívico, consistente en dormitorios, cociña, comedor e sala de estar.

A comunicación recolle unha ampla argumentación xurídica que conclúe demostrando que "o anunciado polo Concello incumpre ata 8 das obrigas establecidas

na financiación da UE". Os documentos aprobados no seu día establecían literalmente un Centro Cívico con "espazos expositivos, salas de usos múltiples, de uso compartido, para o seu uso polas entidades, asociacións e colectivos sociais da vila para a celebración de reunións e actividades que faciliten a súa actividade interna e para o desenvolvemento das súas actividades sociais lúdicas e formativas".

Por último o Ateneo e resto de colectivos solicitaron de novo unha reunión urxente coa alcaldía do Concello de Ponteareas.

## BNG: "O goberno municipal mente sobre o Centro Cívico"



O portavoz municipal do BNG, Miguel Bouzón acusou "ao goberno de Nava Castro, de Juan Carlos González e de Mingos Freitas" de "mentir descaradamente á veciñanza co cambio de uso do edificio" para o Centro Cívico na Praza Maior "cando asegurou nos pasados meses que o edificio mantería o uso previsto" e agora pretende ampliálo coa Residencia de Artistas e de cursos da UNED.

Esta acusación vén a raíz das preguntas realizadas polo BNG á concelleira de Urbanismo. Toda vez denunciou a "opacidade do

goberno de Castro ante unha obra que xurdiu para dar resposta á necesidade do tecido asociativo e da veciñanza de Ponteareas", o Bloque lembra que o edificio, de tres plantas e 900m2, foi adquirido polo goberno liderado polo BNG, que logrou fondos europeos para rehabilitalo e dotalo con distintos servizos municipais e actividades, como un espazo para a mocidade, salas para obradoiros, cursos e reunións para as asociacións e colectivos, servizo de atención temperá, oficina de información e espazo cultural e de exposicións.

**LOVECARS**<sup>®</sup>  
www.lovecars.es

**A CASA DA TRICA**  
RESTAURANTE  
Abrimos todos os días de 12 a 23:59h  
Praza Maior, 19 baixo  
**PONTEAREAS** Non pechamos cociña

**PONTECAMPER**  
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS  
☎ 667 40 19 07  
www.pontecamper.com



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Xunta e Concello asinan a cesión da parcela para o novo Centro de Saúde

A Alcadesa de Ponteareas, Nava Castro, e a directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, Amparo Pousada, asinaron ante notario a cesión gratuíta por parte da Xunta dunha parcela situada no lugar de Barral, dun total de 5.713 metros cadrados, para que a Consellería de Sanidade constrúa un novo centro de saúde.

Esta actuación está prevista no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta en outubro do ano 2021. O Concello conta cun total de 22.957 tarxetas de identificación sanitaria, e o seu Punto de Atención Continuada (PAC) e Servizo de Atención Primaria (SAP) presta



cobertura asistencial a 40.991 persoas dos concellos de Ponteareas, Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario e O Covelo.

O Plan funcional incidirá na ampliación dos espazos dedicados

á asistencia sanitaria así como de persoal, pois este centro de saúde dotarase dun facultativo máis, un odontólogo e senllos profesionais en formación de Medicina de Familia e Comunitaria (MIR), e de Enfermería (EIR)

## XIV Open de Tenis Vila do Corpus

O Concello de Ponteareas acolleu entre o 20 e 30 de xuño o XIV Open de Tenis Vila do Corpus Memorial Octavio nas pistas de A Freixa coa participación de 170 deportistas de España e Norte de Portugal

nas categorías de benxamín, alevín, infantil, cadete e absoluto masculino.

Organizado polo Club Tenis Ponteareas en colaboración co Concello, Deputación de Pontevedra e Deporte Galego da Xunta

de Galicia esta cita deportiva repartiu trofeos e 1.000€ de premios en metálico entre os e as campioas e finalistas e recibirá, entre outros, a dous tenistas que estudan e adestran becados como tenistas en EEUU.

## Denuncian derrubamento dunha estrada en Guláns

A concelleira do BNG, Verónica Bargiela, anunciou o rexistro diante do Concello de Ponteareas dunha iniciativa para instar ao goberno local ao arranxo dunha vía de titularidade municipal na parroquia de Guláns, no barrio do Provizo que une coa Muxena, que sufriu un desprendemento de terras no mes de decembro, presentando un estado perigoso para a veciñanza que transita por ela".



O BNG mantivo un encontro in situ con veciñanza da zona e demandará no vindeiro pleno

municipal polas previsións do goberno local para arranxar estes estragos.

## O Concello pide á cidadanía contribuír co coidado dos bens públicos

A Concellería de Infraestruturas Xerais, Saneamento e Augas do Concello de Ponteareas solicitou a colaboración da cidadanía para un uso responsable dos espazos e servizos públicos. En concreto das fontes públicas e a súa sinalización, das que o Concello realiza o mantemento con tarefas de limpeza e arranxo e tamén con análíticas frecuentes



e a colocación de sinalización de potabilidade para garantir a seguridade de todas as persoas.

**SEVERO**  
VINOS  
COMIDAS  
desde 1956  
Morales Hidalgo Nº 3 PONTEAREAS  
986 64 01 43 - 645 862 380

**ELECTRICIDAD**  
  
**BOUZA**  
ALFONSO Y DANIEL, S.L.  
ILUMINACIÓN  
Instalaciones en general  
Reparaciones  
Instalación de sonido  
y telefonía interior  
bouza@electricidadbouza.com  
Rosalia de Castro, 7  
Telf. y fax: 986 641 565  
PONTEAREAS

Moda - Decoración  
Complementos  
**ROMERO**  
desde 1890  
Constitución, 3 - PONTEAREAS  
☎ 986 640 008

Servizos técnicos forestais  
e obra do rural  
  
**Xirela**  
Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071

**INMOBILIARIA  
MERCAVENDA**  
Casas  
Locales  
Fincas  
Pisos  
Ventas  
Alquileres  
Tasaciones  
Presupuestos  
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020  
Avenida Rosalia de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas  
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com



**PONTEAREAS**

# Goberno e oposición fan balance dun ano de mandato de Nava Castro

O Goberno e a oposición de Ponteareas fixeron os seus respectivos balances do primeiro ano de xestión da Alcaldesa Nava Castro ao fronte do tripartito PP-ACiP-IP no Concello.

"Xestión e compromiso" e "da deixadez ao cariño" foron os slogans cos que Nava Castro e Juan Carlos Carrera analizaron "a fórmula para o cambio que está experimentando Ponteareas".

Entre os seus logros destacaron a aprobación "en tempo e forma" neste 2024 dun "orçamento de 21M€"; o apoio para investimentos da Deputación e da Xunta; o Centro de Emprendemento; a titularidade municipal da nave de Aceros del Tea como futuro mercado municipal; o Programa Integrado de Emprego; a viabilidade do Plan Xeral; ampliación de persoal na Policía Local e Bombeiros; o solo industrial da



Lomba; o proxecto da nova escola infantil; o saneamento de Ribadetea; a sede da UNED e a Residencia para Artistas; e a atención directa aos veciños, entre outros proxectos municipais.

# Inspeccións técnicas no centro urbano

Alcaldesa Nava Castro, e a concelleira de Urbanismo, Silvia Fernández, acompañaron aos técnicos municipais na realización das inspeccións técnicas dos edificios do centro urbano para garantir a seguridade da cidadanía e das e dos propietarios e evitar así posibles incidentes.


Esta medida axudará a planificar as obras de mantemento dos inmobles para que estean en condicións óptimas e incluso evitar futuras obras que revistan maior intervención e máis custo.



# BNG: un primeiro ano "nefasto"

A resposta da oposición non se fixo agardar. O voceiro do BNG, Miguel Bouzó, cualificou a xestión de Nava Castro como "un ano nefasto para Ponteareas" na que "supuxo un freo aos avances e transformacións logradas nos últimos anos", confirmando "os caprichos, a irresponsabilidade e indiferenza na xestión municipal" e "un regreso ao pasado escuro para Ponteareas".

Reivindicou os logros do anterior goberno do BNG antes de chegar o tripartito "con tres grandes infraestruturas en marcha, financiadas cos fondos europeos: o Centro de Dinamización Empresarial, un Centro Cívico para colectivos, asociacións, servizos sociais e mocidade, na Praza Maior, e un novo equipamento sociocultural cunha praza cuberta para actividades, na nave de Aceiros". Criticou a decisión de Nava Castro de "renunciar ao Centro Cívico" a favor "dun albergue con pensión completa



para artistas, prexudicando ao tecido social da vila" e de aproveitar o espazo de Aceros de Tea como mercado municipal.

Bouzó explicou que "cando chegaron ao goberno contaban con máis de 12 millóns de euros autorizados para gastos fixos do Concello, e mesmo así deixaron facturas sen pagar e irregularidades no pago de facturas falsas a unha empresa de comunicación; gastos innecesarios na Festa do Corpus; o retroceso en mobilidade urbana; e actitudes antidemocráticas que foxen da participación e a transparencia", entre outros.

# Máis de trescentos cativos nos campamentos de verán

No campamento de verán Tea Urbano e Rural Tea participan máis de trescentas cativas e cativos repartidos en quincenas ao longo dos meses de xullo e agosto. De nove da mañá a dúas da tarde son atendidos por monitoras coas que disfrutaban dun tempo de lecer con actividades

lúdicas didácticas, nas instalacións do CEIP Virxe dos Remedios e no centro cultural de Bugarín.

O Concello de Ponteareas destina unha partida de 30.180€ ao desenvolvemento deste proxecto que procura unha mellor conciliación familiar e laboral.



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Xinzo terá o seu Plan Especial

Alcaldesa Nava Castro informou da aprobación inicial do Plan Especial de ordenación do núcleo rural PEONR N° A Portela, Xinzo, atendendo así unha demanda histórica dos seus 1.200 veciños. Trátase duns terreos baleiros situados ao pé da estrada N-120, no entorno da Igrexa de Santa Mariña, o Campo de Festas e o Centro Cultural de Xinzo que agora serán destinados a usos dotacionais. Ábrese agora o período de información pública nun prazo de 2 meses despois da súa publicación no DOG.

A concelleira de Urbanismo, Sílvia Fernández, informou que contactarán con todos os e as propietarias do ámbito, sendo a



Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Xinzo, a propiedade maioritaria co 47,55% da superficie privada do polígono, para cumprir cos requerimentos

do PXOM. O proxecto dotará de equipamentos básicos para desenvolver actividades diarias e servizos de coidados enfocados aos seus maiores.

## PeC denuncia o "despilfarro" de 300.000€ no Corpus

Agrupación Ponteareas en Común (PeC) denunciou que "o equipo de goberno de Nava Castro superou por máis de 150.000€ a partida orzamentaria autorizada para as festas aprobadas nos presupostos da lexislatura", triplicando en 300.000€ un gasto total que achegouse aos 450.000€.

O PeC considerou un "despilfarro" o gasto en apenas tres

días da festa que "case triplica os gastos dedicados a outros campos como emerxencias sociais (100.000€) o CIM da Muller (74.780€) ou a biblioteca municipal (112.886€)". Denunciou tamén a "adjudicación das contratacións, publicadas e asignadas no mesmo día e fragmentadas en partidas de 15.000€, permitiu seleccionar as empresas beneficiarias 'a dedo' sen entrar a concurso".

Entre os gastos "desproporcionados" destacan a "alfombra do Concello de 12.175€, unhas gradas de 6.534€, as tapas dos buratos das vallas que custaron máis de 14.000€ ou telas para os balcóns e valado de 28.915€"

PeC criticou igualmente que "o retorno económico de festa non conta cun estudo detallado, totalmente puntual e limitado ao ámbito da hostalería".

## O BNG denuncia o pago de facturas falsas

O concelleiro do BNG Xosé Carlos Vázquez denunciou "graves irregularidades na xestión económica do goberno de Nava Castro" que inclúen o pago de "facturas falsas a unha empresa de comunicación por servizos que non realizou".

Unha desas facturas, por importe de 10.000€ pagada en decembro pasado a través dun "uso fraudulento dos fondos europeos", foi pola "organización dun suposto evento de inauguración do Centro Cívico de Ponteareas", que finalmente non se realizou "porque o centro aínda está en obras e se prevé rematar en xullo". O contrato incluía a difusión deste evento nos medios de comunicación sendo "o empregado responsable o cuñado da alcaldesa", naquel momento



"colocado no departamento de medio ambiente".

Outra das irregularidades denunciadas polo BNG foi a adjudicataria do servizo de comunicación institucional do Concello: "pagóuselle no mes de novembro unha factura de case 6.000€ por un servizo que non remataba até o 31 de decembro".

## Programa "Muller Rural"

O Concello de Ponteareas, en colaboración coa axencia de colocación Acción Laboral, organizou no auditorio municipal Reviriano Soutullo un acto informativo sobre o programa "Muller Rural", iniciativa financiada pola Unión Europea para orien-

tación laboral, formación e obradoiros de competencias, deseño de itinerario formativo personalizado, información sobre ofertas de emprego e compromiso de inserción. As mulleres participantes que superen a formación obterán unha beca de 400€.

**ATLANTICOLOR**  
**FERRETERÍA**  
 Telf: 986 669 955  
 C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS  
**PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS**  
**ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos**

**Servicio integral a la construcción**  
**DERIVADOS DEL CEMENTO**  
**COVELO**  
 986 644 036  
 www.covelo.cc  
 grupoluco@covelo.cc

**mp MARPI**  
 Pisos Casas Solares  
 Ventas Compras Alquileres  
 R/ Amado Garra, 11  
 PONTEAREAS  
 Tel.: 986 66 18 18  
 Fax: 986 64 47 29  
 e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

**La Giralda**  
 ESTÉTICA & PELUQUERÍA  
*Pasión por la Belleza*  
 C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas  
 986 660 477 / 660 860 645  
 peluquerialagiralda@hotmail.com

**TAPERÍA - CERVEXARÍA**  
**A Fragha**  
 Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

**CENTRAL AGRICOLA**  
**PONTEAREAS, S.L.**  
 Agro - Jardín - Ferrería  
 comercialareas@hotmail.com  
 986 66 11 91 - 629 52 24 18  
 Areas Picoto 36861 - Ponteareas



## Inicios dos trámites para desenvolver o Parque Empresarial do Vieiro

O Delegado do Estado do Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades e o Alcalde da Cañiza, Luís Piña, celebraron a primeira Comisión para iniciar os trámites necesarios para o procedemento de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que permita o desenvolvemento do Parque Empresarial de Vieiro, segundo se recolle no Convenio asinado entre o Concello e Zona Franca en outubro de 2022.

Unha vez modificado o PXOM, as partes comprométense a formalizar un convenio para executar o plan e permitir o desenvolvemento urbanístico deste chan, para que este poida ser comer-



cializado por Zona Franca, entidade que redactará os proxectos de expropiación, urbanización e re-parcelamento, asumirá os custos das expropiacións, así como os das obras de urbanización e re-

parcelamento previstas nos correspondentes proxectos. O importe previsto para a expropiación da totalidade dos bens e dereitos afectados cífrase nun total máximo de 2.600.000 €.

## Recuperación municipal da citania castrexa das Grades

O Concello da Cañiza ordenou a ocupación dos terreos do asentamento fortificado na citania castrexa das Grades, pasando a titularidade municipal un espazo forestal de 113.446 m2 cun custe total de 158.365,92€ dispoñible vía préstamo.

Trátase de 2 asentamentos fortificados, o Grande Castro da Cidade das Achas e o Castro da Cerquiña que destacan polo seu imponente sistema defensivo. Tras iniciar a expropiación en 2022, os traballos de recuperación suporán valorizar o patrimonio cultural a través da documentación dos restos arqueolóxicos e rexe-



nerar ambientalmente a contorna e engadir un novo activo á oferta turística do Concello e mesmo da Comarca, con capacidade para atraer visitantes e turistas e re-

activar a economía local.

A actuación contempla tamén a creación dunha imaxe e nome para o proxecto de divulgación arqueolóxica e charlas.

## Saúde mental na infancia e adolescencia



O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, inaugurou esta formación enmarcada dentro dos programas da Unidade de Prevención de drogodependencias e outras Condutas Aditivas, creada en xaneiro de 2023 e que prestan conxuntamente os Concellos da Cañiza, Arbo, Crecente e Melón, subvencionada pola Consellería de Sa-

nidade da Xunta de Galicia.

A xornada congregou a máis 50 asistentes, entre eles persoal de Servizos Sociais, contando coa intervención de dos doutores Alexandre García Caballero e Antonio Rial Boubeta, que falan sobre a formación dos fillos e lidiar coas tecnoloxías, redes sociais e as adicións que poden producir.

## Concello e Cruz Vermella asinan convenio de carácter inclusivo



O Concello da Cañiza e Cruz Vermella asinaron un convenio de colaboración que permitirá desenvolver accións de sensibilización sobre igualdade, non discriminación e xeración de mercados inclusivos, durante un ano, podendo prorrogarse durante un ano máis.

Entre elas destacan o curso "Hixiene, atención sociosanitaria e nutrición en persoas dependentes"; e o Plan de Emprego de Cruz Roja que conta co apoio

do Ministerio de Traballo e Economía Social e do Fondo Social Europeo a través do Programa Estatal FSE+ de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a pobreza e que, a través da iniciativa "Desafío +45 Plus", permitirá a inclusión laboral de persoas maiores de 45 anos. Tamén destacan as iniciativas "Puentes pola igualdade no emprego", orientado a mulleres e Aceleradores Go para mozos menores de 30 anos.

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**Ferretería**  
**Julio Pérez Giraldez**  
Tel/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558  
C/ Progreso, 81  
36880 A CAÑIZA  
juliopezgiraldez@hotmail.com

**CHAMBO LIBRIS**  
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

**milfollas**  
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA  
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas  
milfollas@mundo-r.com



## CONDADO/PARADANTA

## 1,5M€ en investimentos para A Cañiza

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, avanzou ao alcalde da Cañiza, Luis Antonio Gómez Piña, a aprobación dunha subvención de 96.600 euros ao abeiro da Liña 1 do Plan +Provincia para a reforma do pavimento deportivo, cerramentos e iluminación das pistas de tenis municipais así como doutras iniciativas como o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas ou o PON2030.

Levaranse a cabo accións como o acondicionamento do ximnasio do pavillón; o observatorio nocturno e miradoiro interpretativo no Montouto; a mellora de camiños municipais nos Bueixos e As



Grades; o saneamento en Guncián e Petán; a xeración eléctrica fotovoltaica para a piscina municipal. No tocante á Liña 2 estarán iniciativas de fomento do emprego; a ampliación da cuberta das pistas de pádel; acondicionamento

e mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Augas Fêrreas, a mellora da rehabilitación enerxética da piscina municipal, obra valorada en 814.000 euros; a recuperación da contorna da antiga Ponte das Achas

## Diplomados nos cursos de almacén e picking

Doce persoas recibiron o diploma do curso de almacén e picking ofrecido polo Concello de Covelo no marco do VIII Programa Municipal de Formación 2024. Deseñados e programados logo dun proceso de participación e consenso os cursos pretenden mellorar a inserción laboral das persoas participantes.



## Feira do Libro de Ponteareas

Desde o xoves 11 ata o domingo 14 de xullo os Xardíns da Xiralda acollerán unha nova edición da Feira do Libro, na que haberá visitas guiadas, teatro, contacontos, música, recitais poéticos, presentacións de libros, sinaturas nas librerías locais e outras propostas que traerán a Ponteareas a máis dunha trintena das escri-

toras e escritores máis salientables da escrita galega. Amais de nomes do calibre de Alfonso Pezegueiro, Leticia Costas, Suso de Toro, Yolanda Castaño, María Sollar, Xina Vega, ou Manuel Esteban, contaremos coa presenza de valores emerxentes como Cristina Rey, Beatriz García Turnes, Samuel Merino, Óscar Guzmán ou Xulio Teixeira, entre outros.

## Azorín abre o primeiro curso de verán da UNED

Vinte horas lectivas a realizarse do 22 ao 24 de xullo promoverán o coñecemento da vida e obra de José Martínez Ruiz, Azorín, quen fora

deputado por Ponteareas (1927), no primeiro curso de verán da UNED na súa nova sede na Praza Maior. O curso compensará coa obtención dun crédito ECTS.

## Copa de España de pump track

Mondariz celebrou o 22 de xuño unha proba da Copa de España de pump track, competición de ciclismo BMX que conta co apoio da Deputación ao abeiro do Plan +Provincia con 6.000 euros.

Mondariz conta coa mellor e

máis grande pista de Galicia para a práctica desta disciplina na contorna do CPI, con pista polideportiva de fútbol, balonmán e baloncesto e instalacións para a práctica do skate, escalada, calistenia ou a xa existente de pump track.

**Pauta Motor**  
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15  
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**  
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO  
DROGUERÍA  
FERRETERÍA  
JARDINERÍA  
BEBIDAS  
SULFATOS  
INSECTICIDAS  
BUTANO

VENTA DE PLANTAS  
DISTRIBUIDOR OFICIAL  
**Biona**  
CIMEROUCE Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

PUNTO DE VENTA

**Carlos PELUQUERO**

Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

**globaltea**  
informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS  
R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA  
Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS  
**BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

**IRIS COLOR**



## A Vía Mariana Luso-Galaica, en camiño para o FITUR 2025

A deputada de Turismo da Deputación de Pontevedra, Nava Castro, mantivo unha xuntanza con alcaldes e concelleiros dos municipios pontevedreses polos que descorre a Vía Mariana Luso-Galaica, unha ruta de preto de 400 quilómetros que une os santuarios de devoción mariana desde Braga (Portugal) ata Muxía.

Castro comprometeuse a presentar este camiño en FITUR 2025, ao tempo que animou á Asociación Vía Mariana Luso-Galaica a constituírse como asociación sen fins de lucro para poder solicitar as subvencións para actividades de carácter turístico para o ano 2024. En Pontevedra, a Vía Marina pasa polos concellos



da Cañiza, A Lama, Arbo, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Cuntis, Fornelos de Montes, Mondariz, Moraña, Ponte Caldelas, Pontecesures e Valga, sumando na provincia preto de 140 dos seus 380 quilómetros e sete das

súas 18 rutas. É unha combinación de pequenos camiños locais de advocación mariana que van aos principais santuarios portugueses e galegos mediante itinerarios antigos, de devocións a santos milagreiros.

## Crecente recibirá 800.000€ en investimentos

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, informou ao Alcalde de Crecente, Julio César García-Luengo, dun apoio de máis de 800.000 euros por parte do organismo provincial neste Concello ao abeiro de plans como o +Provincia, o PON2030 ou o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas. López destacou que Crecente tivo un incremento de 75.000€ co respecto a 2023 debido a un maior envellecemento e perda de poboación.

Entre os investimentos destacan a construción dunha senda peonil na EP-5005, nun treito de 750 metros entre o centro urbano e o centro residencial



das Esclavas da Virxe Dolorosa. Tamén están a mellora íntegra da seguridade viaria e da mobilidade peonil nun treito antigo de 1.350 metros da EP-5005 entre Pouso e A Cañiza; a renovación dos equipamentos do campo de fútbol de Crecente; traba-

llos de pavimentación en Ameixeira, Padrosos e Quintas; fomento do emprego e contratación laboral; mellora das instalacións e a remodelación da piscina municipal; Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e Axudas Básicas de Emerxencia.


## I Centro Trail Running da GDR Terra e Auga



O GDR Terra e Auga adianta que comezaron os traballos de sinalización do que será o primeiro Centro Trail Running da provincia para promover hábitos de vida saudables e avaliar o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural. Da man da Real Federación Española de Atletismo o

GDR Terra e Auga deseñou os tres tramos do TRC que percorren Mondariz, Ponteareas e Salceda de Caselas. Este proxecto do GDR Terra e Auga conta co apoio da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que cofinancia cunha achega de 18.000€ o 60% do proxecto aportando o GDR Terra e Auga o importe restante.

## Reformas na Casa Consistorial de Crecente



O Alcalde de Crecente, Julio César García-Luengo, e a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Luisa Sánchez, inauguraron as obras de reforma da Casa Consistorial de Crecente, uns traballos en tabiquería, acabados, carpinte-

ría exterior e interior, renovación as instalacións e unha rampla accesible para persoas da mobilidade reducida que acadaron unha achega de 50.000 euros no plan de cooperación municipal da institución provincial.

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**ERDP**  
ERincón Del Perfumista  
Tu Especialista en Cosmética Ecológica  
Perfumes de Autor

886 311 003 | 633 535 053 @ www.erdp.es @ info@erdp.es  
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

**marivulita mimosa**

Ropa infantil  
Bordados  
Confección a medida  
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6  
PONTEAREAS  
mariquitamimosa@hotmail.com  
986 182 659 - 656 860 074

**O Tunel**  
apas  
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS



## CONDADO/PARADANTA

## Mondariz recibe 39.000€ para actualizar o PXOM

O alcalde de Mondariz, Calis Montes, informou que o Concello vén de recibir o apoio da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas que subvencionará con 39.000€ a reactivación da actualización do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), desbloqueando así máis de vinte anos de parálise do plan xeral.

Nun encontro mantido en Santiago de Compostela, a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, e o alcalde coincidiron na necesidade de avanzar neste documento "que permitirá ampliar



a oferta de solo para vivendas, espazos dotacionais, comerciais e de lecer, ademais de protexer o patrimonio natural e histórico".

Calis Montes adianta que o Concello de Mondariz procederá o antes posible á contratación do servizo.

## Subvención enerxética para Balneario, Mondariz e Pazos de Borbén

Os Concellos de Mondariz Balneario, Mondariz e Pazos de Borbén obtiveron unha subvención de 7.630,00 € do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), que cubre o 70% do orzamento total do proxecto, destinada á redacción de proxectos de planificación enerxética.

O obxectivo desta iniciativa é promover o aforro enerxético, avanzando a unha economía máis sostíbel. Contrataranse os servizos xurídicos e técnicos necesarios para mellorar a planificación e



contratación enerxética dos tres concellos. Ademais, realizarase un estudo estratéxico para a xes-

tión enerxética nas entidades locais, incluíndo medidas para fomentar o aforro.

## Medio millón€ para o deporte urbano de Mondariz

O presidente da Deputación, Luís López, destacou o investimento de máis de medio millón na construción da nova área de deporte urbano de Mondariz unida á creación da nova zona deportiva nas Lagoas ou a

mellora das piscinas municipais.

Un espazo no que a Deputación investiu ao abeiro do programa ReacPon un total de 392.000 euros, unha cifra que completou cunha achega de 112.000 euros correspondente ao Plan Concellos do

2022-2023 e cunha axuda de 70.000 euros concedida en 2023. Esta área conta cunha pista polideportiva de fútbol, balonmán ou baloncesto; así como instalacións para a práctica do skate, escalada, calistenia ou a xa existente de pump track.

## Concello e a CEP analizan a viabilidade do parque empresarial



O Alcalde de Mondariz, Calis Montes, mantivo unha reunión co presidente da Confederación de Empresarios da provincia de Pontevedra, Jorge Cebreiro, para estudar a viabilidade dun parque empresarial na zona de Faxilde, ideal polas súas conexións de comunicación co centro urbano

e as vías principais.

O solo industrial contemplado no Plan Xeral de Ordenación é A Lagoa, unha zona que acolle infraestruturas deportivas e de importante riqueza medioambiental polo que o goberno de Mondariz non a considera axeitada para desenvolver actividades empresariais.

## O censo de Mondariz sube a 4.548 habitantes

A pirámide demográfica en Mondariz sube co paso dos anos nunha aposta polo rural por parte de decenas de persoas. En 2020 pasou das 4.410 persoas censadas ás 4.394 no 2021 e no 2022 co repunte provocado polo COVID ás 4.448.

Os datos este 2024 cifran en 4.548 as persoas censadas en Mondariz, grazas á chegada de 40 novos veciños. Despois de décadas de datos negativos, parálise censal e decremento de poboación, o Concello de Mondariz suma poboación.





# Concello de Covelo

# 2024

**PROGRAMACIÓN  
VERÁN  
CULTURAL**

- 01 XUÑO** 10-14h. Feira de Artesanía, Produto local e Artesanía Música na sesión vermú - Covelo
- 15 XUÑO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa "Ensemble Orphelion" - Barcia de Mera
- 21 XUÑO** 20h Teatro Familiar A Utópica Rodante de Vilatriste e Vilalegre - Covelo
- 22 XUÑO** 19h Tributo a Juan Pardo Antonio Barros e Ialma - Casteláns
- 23 XUÑO** Varias Quendas 5ª Xornada de portas abertas Serradoiro dos Carranos - Maceira
- 25 XUÑO** Inicio do VII Campus Multideporte - Covelo
- 29 XUÑO** 22h Cine de Verán - Barcia de Mera
- 30 XUÑO** Roteiro Pedra do Lobo - Covelo
- 01 XULLO** 9h Inicio Clases de Ximnasia e Mantemento na auga - Piscina Municipal de Covelo
- 05 XULLO** Ceo de Verán Paraxe Starlight San Salvador de Prado
- 06 XULLO** 10-14h Feira de Artesanía, Produto local e Segunda Man Música na sesión Vermú - Covelo
- 06 XULLO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa "Judith Jauregui" - Barcia de Mera
- 13 XULLO** 22h Cine de Verán - Covelo
- 19 XULLO** 20-30h Contos para Caghar Patatillas Brais das Hortas (actividade infantil) Ler Conta Moito - Covelo
- 20 XULLO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa "Beatriz Díaz, José Luis Bieito, Camilo García e Maife Gil" - Barcia de Mera
- 20 XULLO** 23-30h Festa Xuventude Dj Santi Gab, Zoe, Traffic House e Groove Amigos - Covelo
- 20 XULLO** 23h Verbena Trío AZAR - Paraños
- 21 XULLO** Varias Quendas 6ª Xornada de portas abertas Serradoiro dos Carranos - Maceira
- 24 XULLO** 23h Verbena Solara e Jorge Méndez - Covelo
- 25 XULLO** Misa e Procesión Banda de Música de Mondariz - Covelo
- 25 XULLO** Festa do Churrasco Charanga "Caña Aquí", Voces de Arrieiro, Banda do Sequío, A Roda - Covelo
- 27 XULLO** 20h Concurso de Postres, Tortillas e Croquetas - Covelo
- 28 XULLO** 9h Roteiro do Xabriña - Paraños
- 01 AGOSTO** Inicio Clases de Natación, Crianzas e Adultos - Covelo
- 03 AGOSTO** 10-14h Feira de Artesanía, Produto Local e Segunda Man Música na sesión Vermú - Covelo
- 03 AGOSTO** Apertura XIX Festival Artealdea - Piñeiro
- 04 AGOSTO** Procesión e Sesión Vermú Día do Rosario Charanga Bandiños Band - Godóns
- 09 AGOSTO** 20h "A Orixe" de Raquel Queizás (actividade infantil) Ler Conta Moito
- 10 AGOSTO** 19-30h Festa da Bicicleta, Ruta e Premios - Covelo
- 11 AGOSTO** Clausura XIX Festival Artealdea - Piñeiro
- 15 AGOSTO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa "Grupo Fua" - Barcia de Mera
- 17 AGOSTO** 22h Cine de Verán - Maceira
- 18 AGOSTO** Varias Quendas 7ª Xornada de portas abertas Serradoiro dos Carranos - Maceira
- 24 AGOSTO** 23h Verbena Luces de Bohemia - San Salvador de Prado
- 24 AGOSTO** 18-2h Roteiro e Observación e Interpretación astronómica - Miradoiro Paixasístico do Castelo do Faro, San Salvador de Prado
- 25 AGOSTO** 9h Roteiro do Alén - Barcia de Mera
- 31 AGOSTO** 20h "Radio BuleBule" de Paco Nogueiras (actividade infantil) Ler conta Moito - Covelo
- 31 AGOSTO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa "Cacellos" - Barcia de Mera
- 31 AGOSTO** 23h Verbena D' Líder Festa Dolores - Covelo
- 07 SETEMBRO** 10-14h Feira de Artesanía, Produto local e Segunda Man Música na sesión vermú - Covelo
- 07 SETEMBRO** 18-2h Roteiro e Observación e Interpretación astronómica - Miradoiro Paixasístico do Castelo do Faro, San Salvador de Prado
- 07 SETEMBRO** 22-30h Música na Praza - Lamosa
- 14 SETEMBRO** 20h XVI Ciclo de Música Relixiosa Concerto Clausura "Camerata OSG" - Barcia de Mera
- 22 SETEMBRO** Varias Quendas 8ª Xornada de portas abertas Serradoiro dos Carranos - Maceira
- 28 e 29 SETEMBRO** Travesía da Vía Marina 2 Etapas
- 08 OUTUBRO** 9h Roteiro Aqua

Para máis información sobre as actividades de cada día  
consulta na web [concellodecovelo.es](http://concellodecovelo.es)



## CONDADO/PARADANTA

## Alcaldes do Condado Paradanta esixen enlace á A-52 sentido Ourense

Os Alcaldes da Cañiza, As Neves, Covelo, Mondariz e Mondariz Balneario presentaron un documento ao Ministerio de Transportes para que se proxecten e se executen as obras necesarias para completar a mobilidade en ambos sentidos no enlace de Lentille da autovía A-52, na saída 282, de forma que se complete a incorporación na A.52 dirección Ourense-Madrid e a saída de retorno de Ourense-Madrid.



Os alcaldes acadan tamén o apoio da Asociación de Empresarios de Transporte (ASETRANSP), da Asociación de Empresarios Turís-

ticos do Condado Paradanta e Salceda de Caselas e de empresas como Hotel CEMAR e Balneario de Mondariz. Argumentan que este

enlace permitirá unha maior fluidez nas comunicacións tanto para as actividades comerciais e empresariais como en materia turística.

## Sinalización e limpeza da Vía Mariana en Covelo

Alcalde de Covelo, Pablo Castillo informou da instalación dos paneis oficiais e fotocall e de realizar a limpeza dos dous tramos da Vía Mariana, o da Franqueira-Covelo e Covelo-Fornelos de Montes, ante a cada vez maior

afluencia dos peregrinos. Esta actuación vén trala xuntanza mantida coa deputada de Turismo da Deputación de Pontevedra, Nava Castro, que implicou o compromiso de presentar a Vía Mariana en FITUR 2025.

## A Xunta recibe os acordos para a Eurocidade do Miño

Arbo, como concello impulsor da "Eurocidade do Miño" acaba de remitir a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os acordos plena-

rios de Arbo, A Cañiza, Crecente e As Neves para seguir coa tramitación para a creación Eurocidade do Miño. Entre as áreas de intervención da Eurocidade do Miño,

atópanse temas relacionados coa Cultura, Deporte, Turismo, Desenvolvo Municipal, Recursos Humanos, Educación, Política Social, Medio Ambiente e Gastronomía.

## Campus Multideporte en Covelo

O Concello de Covelo pon en marcha o I Campus Multideporte para nenas e nenos de 6 a 15 anos, ambas idades incluídas, que terá lugar dende o día 25 de xuño ao 1 de xullo cun número mínimo de 15 persoas participantes e un máximo de 27 persoas.

O campus multideporte finánciase pola Deputación de Pontevedra "Plan Máis Provincia liña 2" por un importe de 3.150,42 €. Os participantes gozarán de actividades deportivas como o tenis, fútbol, fútbol sala, padel, basket e a xornada no centro Ecuestre de Paraños.

## Aberto o cámping de Maceira



O cámping de montaña de primeira categoría de Maceira en Covelo abriu as súas portas este 1º de xuño con 15 bungalows, espazo para caravanas e furgonetas e 28 parcelas de distintos tamaños para tendas de campaña, cafetería, restaurante, servizo de auga quente e aceptación de

mascotas.

O cámping está ubicado ao carón da praia fluvial de Maceira xunto ao río Tea e aflúntes, con rutas de sendeirismo a poucos metros e a praia fluvial. Dispón de múltiples servizos como as novas pistas deportivas de baloncesto, fútbol 3 ou pickleball.

**Autoescuela  
PONTEAREAS**  
C/ Virgen de los Remedios nº 16  
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**PANADERIA  
A BROA  
CAFETERIA**  
Puzo - San Mateo - Ponteareas  
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090  
Despachos:  
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951  
Salvaterra de Miño  
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

**viveiros  
canedo**  
**CENTRO DE XARDINERÍA**  
Rúa Real, s/n - N-120  
Km. 645,5  
Ponteareas - Pontevedra  
Telf. 986 669 960  
info@viveiroscanedo.com  
www.viveiroscanedo.com

**GNS GALICIA  
NA SEÑORA**  
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR  
Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti  
Rúa Progreso, 34 - VIGO  
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS  
Teléf. 886 155 506

**Fiosan**  
Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich  
Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675  
fiosanconstruccion@gmail.com





**MERECES ELIXIR.**

**GADIS**



## ESPECIAL EUROCIDADES MIÑOTAS

Entrevistas de Roberto Mansilla Blanco

# Novas Eurociudades miñotas

Nos últimos tempos asistimos a unha proliferación de experiencias de cooperación transfronteiriça, neste caso as Eurociudades, dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e, particularmente, dentro do espazo miñoto. Dende Verín ata A Guarda, en

aproximadamente 157 quilómetros atopamos cinco Eurociudades: Chaves-Verín; Arbo-Melgaço; Salvaterra-Monçao; Tui-Valença; e Cerveira-Tomiño. Este 2024 veu nacer dúas mais: a Eurocidade do Miño, conformada polos Concellos de Arbo, Crecente, A Cañiza, As Neves e Mel-

gaço; e a Eurocidade da Foz do Miño, integrada polos Concellos do Rosal, A Guarda e Caminha, esta última en fase final de constitución. Falamos con algúns dos Alcaldes/as involucrados sobre estas experiencias das Eurociudades.

Ánxela Fernández Callís | Alcaldesa do Rosal

## "Achégase un novo escenario de Fondos Comunitarios e deberíamos participar con proxectos conxuntos para o noso territorio"

O Concello do Rosal vén de aprobar en pleno municipal a súa inclusión na Eurocidade da Foz do Miño. Cales son as expectativas en torno a esta entidade transfronteiriça con Caminha e A Guarda?

A creación da Eurocidade da Foz do Miño é unha oportunidade para traballar en proxectos comúns que sigan tecendo os lazos que sempre uniron aos nosos veciños e veciñas, dunha e da outra beira do Río Miño, que constituímos un mesmo pobo historicamente en termos de convivencia, comercio, cultura ou desenvolvemento económico. Son diversos os proxectos comúns nos que podemos traballar: gastronómicos, culturais, deportivos. Tamén temos algunhas reivindicacións e loitas conxuntas diante da inacción das administracións supramunicipais, nun río transfronteiriço con grandes retos en termos de sostibilidade ambiental e tamén de mobilidade.

Son xa algunhas as Eurociudades existentes dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Considera que isto fortalece a cooperación ou, polo contrario, poderíamos asistir a unha saturación destas experiencias dentro do espazo transfronteiriço?

Coido que é moi positiva a existencia das Eurociudades. Temos o deber coa nosa sociedade de traballar en proxectos comúns e a Eurocidade é a esfera perfecta para poder consolidar estas estratexias e executar accións conxuntas. Achégase un novo escenario de Fondos Comunitarios e deberíamos ter a capacidade de poder participar con proxectos conxuntos para o noso territorio. Ademais, os datos amosan que ser fronteira xera unha clara situación de discriminación polo feito de que os ámbitos de decisión están moi afastados da realidade e as administracións competentes supramunicipais non toman partido. Adoitamos dicir que

no Río Miño mandan moitos e non manda ninguén. Por poñer un exemplo, existen plans integrais de saneamento das Rías Gallegas e O Río Miño, sendo o máis importante de Galicia, está enfermo, con claras problemáticas ambientais, e non existe ningún tipo de estratexia por parte dos Estados Español e Portugués nin da Xunta de Galicia a día de hoxe para a súa xestión. Algo parecido vivimos na Pandemia co peche indiscriminado da fronteira e a situación de inxustiza que sufriron os nosos traballadores e traballadoras transfronteiriças. As Eurociudades son estruturas de traballo conxunto na realidade coa nosa cidadanía coas que fortalecer todos os lazos que nos unen e mellorar, procurar e reforzar a convivencia da nosa veciñanza dunha e da outra beira.

**Por outra banda, do 14 ao 16 de xullo celebrárase a XXXI Festa do Viño do Rosal, un evento cada vez máis consolidado. Terá**



esta edición un significado especial no marco da creación da Eurocidade da Foz do Miño?

A idea da creación da Eurocidade é precisamente traballar nunha axenda de lecer conxunta que nos permita ter unha axenda conxunta da que a nosa veciñanza poida gozar. Nese camiño comezamos a traballar. Falta que o camiño que iniciamos sexa aprobado polos organismos competentes da Xunta de Galicia e do Estado Portugués para a partir de aí traballar arreo. Polo momento convidaremos aos alcaldes e tamén á veciñanza de Caminha e da Guarda a que desfruten da nosa gra Feira do Viño. Nesta edición poder gozar da Feira do Viño con máis horas da historia para a

enoloxía e o lecer, inaugurando a Feira xa o venres ao mediodía. Gozaremos de actividades innovadoras e moi diversas para desfrutar en familia coma un scape room centrado no sector vitivinícola, unha actividade para nenos e nenas a cargo de Xosé Tomás froito da nova obra editada polo Concello de "Entre Viños e Viñas", un espectáculo de maxia e globflexia ou un obradoiro de cociña para a cativada. Ademais, contaremos con concertos musicais de diversos estilos como brass band, versións, pop-rock, hindí ou tradicional e exposicións de filatelia, pintura e fotografía. Poderemos gozar da maridaxe perfecta da calidade dos nosos viños co lecer diverso para todos os públicos

**GASOLEOS TEA**  
Distribuidor oficial REPSOL para:  
**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**  
**SERVICIO A DOMICILIO**  
PONTAREAS | 986 66 13 90  
986 66 13 89  
A GUARDA | 986 61 43 61  
REPSOL

**Óptica mahen**  
Ópticos desde 1939  
Nº Reg. Sanitario E-35-000038  
**PONTAREAS**  
rúa senén canido, 4





Roberto Carrero | Alcalde da Guarda

## "A Eurocidade da Foz do Miño pode ser unha vantaxe á hora de solicitar fondos europeos"

**O Concello da Guarda avanza na constitución da Eurocidade da Foz do Miño. Cales son as expectativas en torno a esta entidade transfronteiriça con Caminha e O Rosal?**

As expectativas deste proxecto conxunto son moi positivas, a diferentes niveis. No marco económico pode ser unha vantaxe á hora de solicitar fondos europeos e tamén para unha maior coope-

ración entre empresas locais; no marco social, é unha unión aínda máis forte cos nosos veciños portugueses, que pode traspasar ao marco cultural, como temos o exemplo recente da orquestra entre Tui e Valença.

**Son xa algunhas as Eurocidades existentes dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Considera que isto fortalece a cooperación ou, polo contrario,**

**poderíamos asistir a unha saturación destas experiencias dentro do espazo transfronteiriço?**

Para nada pode ser unha saturación un proxecto conxunto que nos conecta e une aos nosos veciños só pode ser positivo. É de un xeito, institucionalizar e impulsar unha realidade de vida transfronteiriça que existe xa e que vivimos día a día.



José Manuel Alfonso González | Alcalde das Neves

## "A do Miño complementa as Eurocidades xa existentes"

**Eurocidade do Miño. Cales son as expectativas para o seu Concello?**

A Eurocidade do Miño responde a unha demanda polos Concellos raianos da parte norte da fronteira húmida. Está destinada a satisfacer as demandas territoriais do intercambio cultural, deportivo e sobre todo de mobilidade. Estamos nunha zona

eminentemente rural con núcleos poboacionais moi afastados, o que complica a accesibilidade da veciñanza a os servizos básicos coma a sanidade, o mercado e os actos que se realicen nos centros das Vilas.

**Esta será a quinta Eurocidade dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Considera que isto fortalece a coopera-**

**ción ou, polo contrario, poderíamos estar asistindo a unha saturación destas experiencias dentro do espazo transfronteiriço?**

Esta Eurocidade complementa as xa existentes. Funcionan todas de forma independente e cada unha delas con características ben distintas en canto ao territorio e poboación.



**ALONG GROUP**

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra  
Tel: 886 155 341 / 698 190 794  
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

Asesoría Técnica Agrícola

**AGROVITIS**

Telfs.:  
Oficina: 986 642 507  
Pancho: 616 940 394  
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista  
Dello Rodríguez nº4 baixo  
36860 Ponteareas  
agrovitis@agrovitis.es  
www.agrovitis.es

**acero plus**  
imprensa digital  
IMPRENTA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61  
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.  
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com  
info@aceroplusdigital.com



## LOURIÑA

## Programa Axente Tutor para protexer á infancia

O Concello de Salceda de Caselas adhírese ao programa Axente Tutor, un servizo especializado da Policía Local en colaboración coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a FEMP que ten como obxectivo fundamental a promoción do respecto aos dereitos da infancia. Este programa céntrase especialmente na protección dos e das menores e na prevención de posibles riscos na contorna escolar. Trátase dunha iniciativa que se aprobou tanto o pasado xoves por unanimidade da corporación municipal, como polo Consello Escolar do IES Pedras Rubias.

A dinámica do proxecto tratará de promover o traballo en rede e establecer protocolos de actuación, así como xuntanzas periódicas



para coordinar as intervencións entre o equipo educativo, os servizos sociais comunitarios e a Policía Local. Salceda contará, nun inicio, con dous axentes que xa contan coa formación esixida para

exercer ditas funcións, e que poderán actuar no centro de ser preciso grazas á aprobación en Pleno e no Consello Escolar desta iniciativa, requisito imprescindible para poder intervir.

## "Ti tes a chave" para reciclar



O Concello de Mos, a través do programa Coida-Mos da concellería de Medio Ambiente, pon en marcha o plan 'Ti tes a chave' de implantación do contedor marrón de residuos orgánicos ou fracción orgánica e distribución de composteiros durante este verán.

O segundo tenente de alcaldesa e concelleiro de Coordinación Xeral e Bo Goberno de Mos, Leo Costas, e a concelleira de Medio Ambiente mosense,

Laura Méndez Senlle, achegáronse ao alto de Puxeiros, onde se atopa instalado un dos puntos informativos sobre a campaña 'Ti tes a chave' para que a veciñanza mosense poda conseguir o seu kit para comezar a facer uso dos colectores marróns de fracción orgánica, que se instalarán próximamente nas rúas, ou ben solicitar un composteiro individual no caso dos propietarios de fincas, interesados en elaborar o seu propio compost.

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)




PÉREZ - LEMA  
Avogados e consultores

Moitos azos e o mellor  
asesoramento legal  
para esta nova xeira.

[www.xoanantonperezlema.com](http://www.xoanantonperezlema.com)

881 964 020

Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)  
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña





## Orde dos Valedores para a Rosa de Mos

Na súa 51ª edición, a Festa da Rosa iniciou unha nova etapa coa creación da Orde dos Valedores da Rosa de Mos na que foron nomeado/as como primeiros valedore/as Uxía Domínguez; Justo José González Ballesta; Luis Quinteiro Fiuza; Rogelio Garrido; José López; e a Fundación Pazo de Mos.

Paralelamente celebráronse no Pazo de Mos a 25ª Edición da Exaltación da Empanada de Pan de Millo a cargo das Mulleres Ruraís de Mos e a 31ª edición do Concurso de Rosas de Mos nas que foron galardoadas as mellores rosas polas parroquias de Cela, Dornelas, Tameiga, Torroso (na que a súa autora Isabel Lago tamén premiada como a mellor rosa de tódalas parroquias), Pereiras, Sanguñeda, Guizán, Mos, Petelos e Louredo.



A pregoeira da Festa foi Tamara García Romero, da parroquia de Guizán. Tamén se realizou un irmanamento co Concello de Ponteareas, xa que os alfombristas da vila ponteareana confeccionaron unha fermosa alfombra fronte ao Pazo. O acto contou coa presenza da Alcaldesa Nidia

Arévalo, da rexedora ponteareán e deputada provincial de Turismo Nava; e o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, entre outras autoridades. O Concello organizou paralelamente aos actos institucionais o campamento de conciliación familiar A Rosiña.

## A mosense Laura Pereira Ramilo, campioa das Olimpíadas de Xestión Hoteleira

Laura Pereira Ramilo, de 21 anos e natural da parroquia de Cela, foi a gañadora da medala de Ouro nas Olimpíadas Nacionais de Xestión Hoteleira "SpainSkills" celebradas en abril

pasado en Madrid. Por esta condición foi agasallada na Casa Consistorial pola Alcaldesa Nidia Arévalo e o tenente de Alcalde Camilo Grandal.

A xoven participará en setembro



no Mundial da especialidade a celebrarse na localidade francesa de Lyon. Por tanto estase adestrando vía online co seu titor Roi Álvarez, docente no CIFP Manuel Antonio e quen reside en Barcelona.

## O BNG pide xestión pública do aparcamento da Avda. de Galicia



Tras quedar deserto o proceso de licitación do aparcamento subterráneo da Avenida de Galicia, o voceiro do BNG Pedro Pereira declarou que observa esta situación como unha oportunidade para que o Concello do Porriño asuma directamente a xestión da instalación e así levará esta demanda a pleno municipal.

Pereira criticou que a "política de alugueiro de terreos privados

para aparcamentos do goberno de Alejandro Lorenzo está a afoegar o propio aparcamento municipal, como demostra que ningunha empresa se queira facer cargo da concesión". Tamén cuestionou o investimento de fondos públicos por parte do Concello en fincas privadas, que non son de titularidade municipal, como no caso da área de autocaravanas instalada na rúa Leandro Diz.

## Deficiencias na reforma do Centro de Saúde

O BNG criticou que a reforma do Centro de Saúde do Porriño, cun custo final de 5 millóns de euros e presentada pola Xunta como un proxecto estrela, presenta deficiencias moi graves tanto en

illamento, como en accesibilidade polas rúas Tranvía e Doutor Paz así como no deseño dos espazos. Dous anos despois de iniciarse a ampliación, o Centro segue en obras e existe agora un sobrecusto de 640.000€.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!  
MEJORAMOS EL PRECIO  
DE TUS SEGUROS**

ENVÍANOS UN WHATSAPP Y  
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO  
SIN COMPROMISO

633 60 12 57

Rúa do Pinac, nº13, Bajo B, O Porriño  
986 33 34 30  
633 60 12 57  
josehulio.bugarin@agencia.axa.es  
segurosbugarin@gmail.com

**TEMPOS**  
CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4- 1º- PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

ASESORÍA DE EMPRESAS

**ASE FISLA**  
SALCEDA S.L.

e-mail: paulo@asefisla.com

**NL**

**Hnos. Núñez Lorenzo, S.L.**  
CORREDURIA DE SEGUROS

e-mail: carlos@hnos-nunez.com

Praza do Concello, 14 - baixo. Telf: 986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136  
SALCEDA DE CASELAS  
Rúa Galicia, 14 - baixo - Telf: 986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358  
SALVATERRA DE MIÑO



## LOURINHA

## O PORRIÑO

## O Porriño entregou os I Premios Antonio Palacios

O Concello entregou o 15 de xuño os I Premios Antonio Palacios, no que foron galardonados no renglón de Empresa o Grupo Zendal pola súa traxectoria de 30 anos no sector farmacéutico e a súa labor social a través do seu enfoque de "unha soa saúde" ("One Health"); e na categoría de Deportes foi para o Club Balonmano Porriño polos seus fitos deportivos conseguidos nos máis de 35 anos de historia do club, e máis concretamente nas últimas tempadas.

Outras entidades premiadas foron as Rondallas de Pontelas e



Santa Eulalia de Atios, referentes da cultura; o Almanaque Agrícola; e un recoñecemento póstumo ao historiador Xosé Ramón Iglesias.

## Os estudantes propoñen un Porriño mellor

Alumnos e alumnas de 6º de Primaria do CEIP Fernández López, e a profesora de Proxecto Competencial, María Esther Carro Ramos, visitaron a Casa Consistorial para rexistrar unha proposta de mellora para a veciñanza do Porriño, un traballo escolar que espertou o interese do alcalde, Alejandro Lorenzo.

No primeiro trimestre os rapaces e rapazas elaboraron unha enquisa, coa que recopilaron información dos viandantes, da veciñanza e das súas propias familias. Traballaron os datos e, con gráficos, percatáronse dos aspectos máis demandados pola cidadanía. Des-



pois do Nadal, estudaron a institución do poder popular de representación democrática, o funcionamento do sistema electoral e a participación cidadá fóra do

que son as eleccións. Por último, elaboraron unha presentación en PowerPoint sobre os cinco aspectos máis reclamados pola cidadanía que salientaba o seu estudio.

## Desafío "Eureka Reto Rural"

O 22 de xuño o centro do Porriño acolleu o desafío de 'Eureka Reto Rural' coa figura de Antonio Palacios como protagonista deste escape room con motivo do 150 aniversario do seu nacemento.

Esta foi a sexta proba desta

iniciativa posta en marcha por Eu Rural e o Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño. As seguintes datas, concellos e temáticas dispoñibles son 30 de xuño. Oia. 'O mosteiro de Oia'; 6 de xullo. Gondomar. 'O Conde no Camiño'; 12 de xullo. O Rosal. 'O sector viní-

cola'; 14 de xullo. Fornelos de Montes. 'Festa gastronómica da carne do Suído e da Chanfaina'; 20 de xullo. Tomiño. 'Camiño da Nosa Señora do Norte'; 27 de xullo. Pazos de Borbén. 'A emigración: As casas indianas'; 14 de agosto. Soutomaior. 'María Vinyals'; 20 de setembro. Redondela. 'A historia da nosa vila'.

## Prácticas de verán de promoción da AGASP



O Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, recibiu xunto ao concelleiro de Seguridade, Abel Estévez, e ao Inspector Xefe da Policía Local, Daniel Rodríguez, ao primeiro grupo de alumnos/as da 16ª promoción de Policía Local que se está formando na Academia

Galega de Seguridade Pública (AGASP) Serán un total de 97 alumnos/as, distribuídos en catro grupos, os que realizarán as súas prácticas no municipio durante este verán coñecendo de primeira man como traballan os axentes da patrulla na nosa Policía Local.

## Unha Copa Galicia inclusiva



A Federación Galega de Deporte Adaptado (FGDA) organizou, coa colaboración da Concellería de Deportes do Concello do Porriño e o Club Porriño Baloncesto Base (PBB), a Copa Galicia de Baloncesto Adaptado Xogo 2024, que tivo

lugar hoxe no pavillón municipal de deportes da vila. O longo da xornada matinal disputáronse os partidos da categoría Xogo, deixando a clasificación con San Rafael, como primeiro clasificado, ACEESCA, segundo, e ASPANAEX de terceiro.

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**Bolboreta**  
 TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

Talleres  
 Guiller Motor

Puzo-Lira, 24  
 36459 SALVATIERRA  
 (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

**Dietsana**  
 DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684  
 C/. Cando, 15  
 O PORRIÑO

986 642 719  
 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10  
 PONTEAREAS



## O PORRIÑO

## III Encontro de MERCATUS

O Centro de Iniciativa Empresarial - CIE Polígono Industrial A Granxa (O Porriño) acolleu o III Encontro de Networking para empresarios de Galicia e Norte de Portugal da Agrupación Europea de Interese Económico Transfronteirizo, MERCATUS, creada conxuntamente pola Cámara de Comercio de Tui e a Confederação Empresarial do Alto Minho (CEVAL)

Esta edición, que reuniu a 40 empresarios galegos e portugueses, abordou temas relativos ao Tribunal de Arbitraje Mercantil coa participación de Indalecio Cuevas, Presidente da Entidad Urbanística de Conservación A Gran-



xa; Antón Fonseca, Presidente da Cámara de Comercio de Tui; Robert Roca, CEO de Quality Consultores; os empresarios, Emilio Estévez, Director Gerente de COPLANT, Luís

Alonso, Responsable do Grupo SOOS Maquinaria e Norberto Coelho, Responsable de Norberto Coelho LDA, ademais do Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo.

## Primeira fase da humanización de Pío XII

A plataforma de Contratos Públicos de Galicia publico a licitación da primeira fase do proxecto da contorna do centro social que acondicionará as rúas Antonio Palacios, Domingo Bueno, Ramón González e Pío XII, contando cun orzamento base de 1.140.709,52 euros

O proxecto dará prioridade á mobilidade peonil creando un espazo contínuo, accesible e verde para mellorar a comunicación co centro urbano e a rúa Pío XII; espazos con novas especies ar-



bóreas, renovación integral da zona de ocio infantil e de todas as redes de servizos e dotarase dunha plataforma única que conecte coa nova zona verde da contorna.

## Mesa da Saúde promove novos proxectos

Presidida polo Alcalde Alejandro Lorenzo, a Mesa Local de Saúde convocou a todos as entidades e colectivos, entre eles centros educativos, asociacións e representantes do Centro de Saúde, implicados do Concello do Porriño coa finalidade de detectar as principais necesidades en materia de saúde pública e promover un estilo de vida saudable entre a poboación.



A Mesa pon o foco sobre os recursos dos que se dispoñe nos diferentes servizos existentes e unha posta en común das ideas e suxestións dos diferentes axentes sociais.

## O BNG Porriño critica deficiencias no transporte para os estudantes

O BNG porriñés denunciou que a rede de transporte no Porriño non conta con prazas suficientes nin para o estudiantado de bacharelato das parroquias, que remata o curso sen que se lle dese solución á falta de prazas, nin para as persoas que viaxan a Vigo a primeira hora (da mañá), que

non teñen garantido o servizo. Lembraron que o 30 de outubro pasado, no pleno do Porriño, aprobouse por unanimidade unha moción promovida polo BNG que requería aumentar as prazas de transporte escolar para que tivesen acollida o estudiantado dos institutos do Porriño que vive nas parroquias.

## Reclaman mellor atención para o patrimonio local

Os nacionalistas porriñenses criticaron o tratamento que realiza o goberno de Alejandro Lorenzo en torno ao patrimonio municipal. Estas críticas van dende a colocación dos contedores do lixo fronte a Villa Anastasia, que consideran unha desprotección ó patrimonio porriñés, ata

o incumprimento do acordo asinado en 2022 para negociar a compra de Villa Florida ou na aplicación da lexislación sobre memoria histórica, no relativo á retirada da simboloxía franquista e fascista, como foi no caso da restauración do conxunto etnográfico de Pousadela, en Pontellas.

## Procolos anti-incendios nos centros educativos



Escolares e profesorado dos centros educativos do Porriño viviron evacuacións realistas nos seus centros, guiados pola Policía Local coa colaboración de Protección Civil. Soamente os directores/as dos centros estaban ao corrente destes simulacros, para que a experiencia fose o máis real po-

sible. Nesta ocasión os centros nos que se fixeron os simulacros de evacuación foron o CEIPP Antonio Palacios, CEIPP da Ribeira, CPR Santo Tomás, CEIP Cruz Budiño, CPR Hermanos Quiroga e CEIPP Atios. O CEIPP Fernández López xa levara a cabo o simulacro no primeiro trimestre.

**mimate**  
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO  
www.mimatesaludnatural.com  
Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO  
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos : 662 41 57 56

**PN** Verónica Bastos  
**POWER NUTRITION**  
Rúa Doutor Paz Varela, baixo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO  
Power\_nutrition\_asesoramientos

**Gestor Ambiental y Técnico en Obras**  
Manuel González Abril  
OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS  
TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS  
PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS  
ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO  
Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmail.com



## LOURIÑA

## SALCEDA DE CASELAS

## Verónica Tourón renuncia como concelleira do PSOE Salceda

A concelleira e voceira do grupo municipal socialista Verónica Tourón presentou oficialmente a súa renuncia como edil da corporación municipal argumentando que é unha "decisión persoal", determinada "pola miña firme convicción de que as persoas que nos dedicamos á política deben renovarse nos cargos públicos. Creo que é o momento de dar paso a novas persoas nunha transición sosegada, tranquila".

A decisión foi comunicada á militancia e simpatizantes da Agrupación Municipal Socialista durante a Asamblea Xeral cele-



brada o pasado 9 de xuño. A ex-Alcaldesa, que continuará como secretaria xeral do PSOE salcedense tal e como comunicou a executiva local, foi concelleira durante 9

anos, tanto no seu inicio como voceira do grupo municipal na oposición, e sobre todo na última lexislatura na que foi a primeira alcaldesa socialista de Salceda.

## Tecnoloxía LED para 2.780 lampadas

O Concello de Salceda obtivo a maior subvención da súa historia por importe de 1.500.000€ para o cambio de 2.780 luminarias de tecnoloxía LED.

Con esta inversión conseguiranse os seguintes obxectivos: Mellora da calidade lumínica e maior seguridade viaria e peonil. Aforro dun 63% no consumo enerxético. Coidado do medio con menor contaminación. Eliminación de puntos negros por falla de alumeadado público. Reparación e/ou substitución de cable danado. Mellora do alumeadado en espazos e instalacións públicas (Parque e Campo de fútbol da Gándara, Área Recreativa do Regueiro). Novas redes de alumeadado



(Urbanización O Regueiro, contorna do IES Pedras Rubias). Mellora no alumeadado de puntos de interese como Centros Culturais ou Igrexas parroquiais. Instalación dun sistema de telexestión con redución da intensidade nas horas centrais da noite. Substitución

dos 53 cadros de mando do Concello.

As zonas nas que se actuará de xeito inmediato son: Budiño: Urgueira e O Barral; San Xurxo: Bouzavedra; Soutelo: A Igrexa e Sobreiro; Santa María: A Feira; A Picoña: A Carballeira e A Fraga.

## A primeira promoción de bacharelato



O Pazo Pegullal foi o marco escollido para a celebración da graduación da primeira promoción de bacharelato de Salceda, na que participaron 49 rapaces e rapazas do IES Pedras Rubias. Os estudos de bacharelato foron implanta-

dos no municipio dende o curso 2022/2023.

Ademais das 300 persoas que participaron no evento tamén estiveron presentes o equipo de goberno (MS) xunto con representantes da corporación de PP e PSOE.

## Trail Running Center



O Concello comezou a sinalización para a posta en marcha do TRAIL RUNNING CENTER, o primeiro centro de Trail oficial en Salceda homologado pola Federación Española de Atletismo cofinanciado a través dun convenio de colaboración entre o GDR Terra

e Auga e a Secretaría Xeral de Deportes.

O percorrido atravesará diferentes espazos das parroquias de Santa María e Picoña, entre eles a Área Recreativa dos Agoeiros ou o alto de San Cibrán e conta co apoio das comunidades de Montes de ambas parroquias.

## Unha salcedense, ouro na Copa de España de K4



Karla Henriques da Silva xunto ás súas compañe-

ras do Kayay Tudense na modalidade K4 na Copa de España de esprint olímpico de cadetes.

## CRI-TIC achegará o mundo dixital á infancia



O Concello de Salceda de Caselas, a Fundación Esplai, o CEP Altamira e o IES Pedras Rubias veñen de presentar a actividade "CRI-TIC Infancia e xuventude con criterio dixital", que vai permitir a

formación en competencias dixitais básicas e avanzadas a 24 adolescentes do municipio durante o verán de xeito gratuito. As sesións levaranse a cabo no CEP Altamira entre o 24 de xuño e o 18 de xullo.



Por Xoán Antón Pérez-Lema

## A transcendencia do labor de Castelao e do Estatuto de 1936

Non é moi común no mainstream da opinión publicada recoñecer-mos a transcendencia do Estatuto de 1936, que cumpriu o seu 88º aniversario este 28-X. E, porén, a súa proxección ao noso tempo é indubidábel, pois que a Disposición Transitoria 2ª da vixente Constitución deseñou un acceso privilexiado ao nivel máis alto de autonomía para as tres nacións do Estado, que tiñan plebiscitado afirmativamente no pasado cadanseu Estatuto. Canda este acceso privilexiado recoñeceuse un sistema bilateral e paccionado para a definición do Estatuto, proposto pola Asemblea de parlamentários galegos que logo negociaban o texto a refrendar pola cidadanía coa propia Comisión Constitucional, no canto do proceso estatutario dos outros territorios distintos ás tres nacións devanditas, no que as propostas estatutárias eran tramitadas polas Cortes estatais como calquera lei orgánica.

Este recoñecemento conéctase coa propia



distinción entre nacionalidades e rexións que fai o artigo 2 da Constitución e constitúe a única pegada da antiga legalidade republicana na Constitución de 1978 e nos seu bloque de constitucionalidade (Estatutos e outras leis orgánicas).

O plebiscito de 1936 foi un grande éxito do Partido Galeguista (PG) dirixido por Castelao e Bóveda. Primeiro pola súa elaboración participativa e transversal, que acadou en decembro de 1932 o apoio de 209 dos entón 319 concellos galegos. Despois pola intensidade da campaña plebiscitaria e pola apertura da mesma a

outras forzas da Fronte Popular, que partillaba o PG e outras alleas, como o Centro de Portela Valladares e a Dereita Galeguista de Risco e Filgueira Valverde, que se adheriron sen reservas a esta campaña.

O Estatuto de 1936 non puido acadar vixencia por se producir o golpe militar e posterior enxurrada franquista só días despois da súa solemne presentación nas Cortes republicanas, Xurdiu entón en determinados partidos da FP (PSOE ou Izquierda Republicana...) a idea de que o importante era gañar a guerra e que coas autonomías catalá e vasca xa abundaba, propugnando esquecer o Estatuto aprobado. Mais o teimudo labor de Castelao conqueirou que o Estatuto fose adoptado oficialmente nas Cortes de Montserrat de 1938 e aprobado nas de México D.F. no 1945.

O mesmo Castelao, animado polo lehendakari Agirre Lekube (PNV) promoveu o Consello de Galiza como institución fideicomisaria da dupla vontade da cidadanía galega manifestada nas eleccións de 1936 (en canto elixiron os deputados que integraban o devandito Consello) e do plebiscito de 1936 (en canto votaran por unha maioría de máis do 73% do censo!! o Estatuto). Deste xeito, malia non poder ter

un Goberno no exilio pola falla de vixencia normativa do Estatuto, Galicia tivo un representativo da última vontade cidadá democraticamente

expresada, que primeiro acadou un amplo, malia que limitado traballo conxunto das tres nacións plebiscitadas a medio da plataforma Galeusca e despois a participación de Castelao como ministro no Goberno republicano no exilio de José Giral (abril 1946-marzo 1947), mais como ministro lexitimamente representante do noso país e non do PG.

Velaí que non se poida entender o rango constitucional de nacionalidade que lle atribuíu a Galicia a Constitución (expresión da súa existencia preconstituínte) sen o traballo de centos de homes e mulleres e, dende a enxurrada franquista e o asasinato de Alexandre Bóveda, sen o titánico traballo desenvolvido por Alfonso R. Castelao. Por iso o rianxeiro, con ser unha personalidade política nacional que vai moito máis aló do galeguismo político, non pode ser reivindicado polos que defenden menos Galicia e máis España.



**OA**  
**ORGASERCO, S.L.**  
ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil**  
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87  
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

**LIMPIEZAS PONTEAREAS**

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com  
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

**Mendo**  
áridos e formigóns

Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

**Aridos do Mendo, s.l.**

*Aridos e Formigóns*



## 25 DE XULLO, DÍA DA PATRIA

## A presenza de Vicente Risco na revista La Centvria

Anxo Serafín Porto Ucha  
M<sup>a</sup> Raquel Vázquez Ramil

En 1917 constituíase en Ourense a Sociedade "La Centvria", entre cuxos obxectivos estaba a publicación de La Centvria. Revista neosófica, que estivo na rúa entre xuño de 1917 e xullo de 1918. Foron os seus promotores Vicente Risco e Augusto Noguerol, ambos os dous amigos da mesma cidade, licenciados en Dereito e destacados do galeguismo. Mentres Noguerol continuou ligado ao mundo do Dereito como Secretario da administración local ata a súa morte trágica despois da sublevación militar de 1936, Risco accedería como estudante á Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, na que recibiu influencias de Luís de Hoyos Sáinz no campo da etnografía, obtendo a cátedra de Historia na Escola Normal de Ourense (1917), da que foi tamén director durante moitos anos.

De La Centvria publicáronse só os números do 1 ao 7, pero a súa publicación foi de decisiva importancia para a xeración de intelectuais ourensáns que deron o paso ao Galeguismo, ás Irmandades da Fala, ao Grupo Nós ou ao Seminario de Estudos Galegos. Tratábase dunha revista que tiña entre os seus obxectivos renovar o panorama intelectual galego dende unha posición inadaptable e inconformista.

Vicente Risco (1884-1963) naceu o 1 de outubro de 1884 na rúa da Paz, de Ourense. A súa familia, como a de Ramón Otero Pedrayo ou a de Florentino López Cuevillas, compañeiros dende os primeiros anos, pertencía á fidalguía galega recon-

vertida en profesións liberais e no funcionariado. Tal como nos conta Ricardo Carballo Calero (1981: 636), Vicente Risco era miúdo, miope, moi orixinal, persoal e crítico.

No período 1906-1913 comeza a súa actividade intelectual, nos círculos sociais da súa contorna local próxima. Risco vólcase na lectura dos escritores vangardistas en literatura e filosofía: Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, D'Annunzio, Nietzsche etc. Publica os seus primeiros artigos en El Miño, nos que, ademais da adhesión ás filosofías antirracionistas, aos vangardismos e futurismos, cuestiona o sistema político da Restauración. Manifestaría máis tarde esta actitude no seu coñecido traballo "Nós, os inadaptables".

En Madrid, na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, foi alumno de José Ortega y Gasset e tomou contacto coas xentes do institucionalismo (ILE) e outras correntes vinculadas (Porto Ucha, 2005). Consta como alumno da Quinta Promoción (1913-1916), na sección de Letras, co posto 3º dos homes. Entre o profesorado de aquela Escola que exerceu influencia en Risco, vense constatando a presenza de Luís de Hoyos Sáinz, secretario fundador da Sociedade Española de Antropoloxía, Etnografía e Prehistoria.

O achegamento de Vicente Risco ao galeguismo ten lugar a partir de 1917, tal vez por influencia de Antón Losada Diéguez, catedrático de Psicoloxía, Lóxica, Ética e Rudimentos de Dereito no Instituto de Ourense, que ingresara nas Irmandades da Fala. Risco comeza a publicar en galego en A Nosa Terra, desenrolando a súa Teoría do nazionalismo galego, no que se manterá



ata os anos 1935-1936. É un nacionalismo que se define como "novecentista" e que dá a coñecer en "Pronaos" de La Centvria. Define a Galiza como unha nación, dotada de lingua, tradicións, costumes, historia, raza, xeografía e espírito propios. Definida así Galiza, analiza os seus problemas na busca de solucións (económicas, políticas, emigración, fala, liberdade, universalismo...) Son conceptos nos que insiste nestes anos (en A Nosa Terra, en Nós, etc.), adoptando continuamente unha metodoloxía didáctica, como bo profesor de Escola Normal. Aínda que se converte nunha autoridade da materia, vaise alonxando progresivamente de parte do grupo.

En 1930 Risco é bolseiro da Xunta para Ampliación de Estudos (a JAE). Viaxa a Berlín, Praga e Viena. As incidencias desta viaxe quedarían rexistradas nas crónicas que con título "Da Alemaña", primeiro, e

"Mitteleuropa", despois, iría enviando a Nós dende xullo de aquel ano. Nelas, vemos un home "conservador, católico intransigente, enemigo de la civilización moderna y timorato" (Casares, 1981: 22).

O contacto co nazismo exercerá no noso personaxe un gran impacto na súa involución ideolóxica e política. Coa chegada da Segunda República, o Risco destes anos, co seu nacionalismo idealista e socialmente populista, vai dando paso ao dereitismo político. Dentro do aparato do novo Estado franquista despois da guerra, Vicente Risco, coas súas negacións e silencios, sobrevive ata a data da súa morte, o 30 de abril de 1963. Na Normal de Ourense despois da aventura madrileña entre 1945 e 1948, xubilárase en 1954. Alí coincidiría con Ernestina Otero Sestelo, profesora da Pedagogía, sancionada con traslado a comezos dos 40 dende a Escola Normal de Pontevedra.

#### DOCUMENTACIÓN

ARQUIVO DA IDADE DE PRATA. Expediente.alist-JAE/96-371 (Vicente Martínez-Risco Agüero). Accesibel en: [http://archivo-jae.edaddeplata.org/jae\\_app/JaeMain.html](http://archivo-jae.edaddeplata.org/jae_app/JaeMain.html)

ARQUIVO DA RESIDENCIA DE ESTUDANTES (Madrid). Memorias de la JAE.

BIBLIOTECA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE. La Centvria. Revista neosófica. Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA  
Carvalho Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo: Galaxia.

Casares, C. (1981). Vicente Risco. Vigo: Galaxia.

Porto Ucha, A. S. (2005). La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.

Vázquez Ramil, R. e Porto Ucha, A. S. (2022). La Centuria. Revista Neosófica (1917-1918). Órgano de la sociedad ourensana "La Centuria". En Hernández Díaz, J. M. (Coord.). La Prensa pedagógica de las Confesiones Religiosas y Sociedades Filosóficas- Salamanca: Ediciones Universidad Salamanca, pp. 329-340.

> [caixaruralgalega.gal](http://caixaruralgalega.gal)

> Síguenos!

Feliz 25 de xullo!

Comprometidos  
con Galicia





# Galicia latexa

 XUNTA DE GALICIA

**25** | DÍA DE GALICIA  
XULLO



## Ana Pontón: “O PP está inmerso nunha soberbia absolutista e por iso non pacta con ninguén”

**A**na Pontón (Sárria) é a portavoz nacional do BNG. Logo de recoller o mellor resultado para o partido durante as pasadas eleccións, considera máis que nunca seguir presionando contra

as políticas de “agresión” e “expolio” en materia industrial e tamén reclamar todas as competencias que quedan por transferir a Galicia.

*Entrevista de Moncho Mariño*

### Como política de esquerdas cal é a súa valoración ao acontecido en Francia co cinto sanitario arredor da ultradereita?

O pasado domingo mirabamos todos e todas con moita expectativa o que sucedía en Francia porque estaba a xogarse unha partida moi importante: se a ultradereita gañase acabaría normalizándose nos gobernos co perigo que iso supón para os dereitos, para as liberdades e para a democracia. Foi o triunfo dun pobo que se mobilizou para votar e así evitar un retroceso desas características.

### Despois do último congreso da UPG, cales son os retos desta formación tanto dentro como fóra do BNG?

Esa é unha pregunta que se lle debe facer ao mesmo secretario xeral da UPG ou á propia formación. Eu son portavoz nacional do BNG e por tanto non podo opinar a respecto das prioridades dos colectivos ou das organizacións que conforman o Bloque.

### Hai uns días pedía “combatir o esquerdismo infantil”, como define este concepto?

Pois nós temos que combater aquilo xa definido polos marxistas hai tempo, ese infantilismo que se dá na esquerda e non ser capaces de analizar correctamente canto sucede ao noso redor para buscar as medidas que debemos tomar e non deixarnos levar polo

ideoloxismo. Debemos ter claros cales son os nosos principios e ter moi claro cal é o país onde vivimos e como somos capaces de avanzar. Esa é a liña de traballo para o BNG durante os últimos anos, pois é importante que unha forza política teña principios sólidos máis tamén que saiba analizar o país onde vive e buscar as mellores estratexias para que os nosos principios avancen.

### Sendo agora mesmo a segunda forza política de Galicia, como querían sumar máis forzas ao proxecto do BNG de cara ás autonómicas e ante unha hipotética perda da maioría absoluta do PP?

O noso traballo consiste en realizar unha oposición firme e ao mesmo tempo poñer alternativas. Por ese motivo formamos un goberno alternativo do BNG que ten precisamente eses dous obxectivos: firmeza na oposición e tamén ofrecer unha proposta ante cada crítica. Seguiremos traballando nunha liña de expandir o BNG mantendo contactos con axentes políticos e sociais no noso país e seguir na dirección marcada en 2016 que nos trouxo estes resultados e cremos que é a liña onde debemos profundizar.

### Este 25 de Xullo cales son as liñas que quere mostrar o BNG?

Primeiro, mostrar a gran fortaleza do BNG, estamos no gran

momento da nosa historia. O segundo, mostrar que somos unha organización moi forte, sólida e cohesionada. O terceiro, poñer sobre a mesa que hai unha alternativa política fronte as agresións que vive o noso país, unhas agresións como son o expolio eólico, Altri, a precarización laboral ou os problemas de acceso á vivenda por unha política da Xunta claramente neoliberal. Por tanto, neste 25 de xullo uniremos todas as loitas que hai no país e sobre a esperanza que representa para Galicia o BNG.

### O presidente da Xunta e líder do PPdeG, Alfonso Rueda, declaraba que ve difícil un pacto PP-BNG por ser o Bloque un partido que quere “o comunismo, a independencia e monolingüismo”. Cal é a súa resposta?

Considero que o PP está inmerso nunha soberbia absolutista e por tanto, non quere pactar nada con ninguén. Durante a última legislatura, co BNG como segunda forza política, non quixo chegar nunca a acordos. Isto é así porque o señor Rueda non ten as mans libres para decidir con quen pacta ou con quen non, punto este marcado desde Madrid polo señor Feijóo. Considero pois que o señor Rueda debe deixar de facerlle oposición ao BNG e dedicarse a gobernar que para iso lle pagamos



os galegos e galegas.

### E para o vindeiro curso político teñen pensadas unhas liñas específicas de actuación?

Continuaremos na defensa da sanidade pública, defender o emprego digno para mozos e mozas que teñen dereito a ter traballo aquí, para frear o expolio eólico e o deterioro do noso territorio con proxectos como pode ser Altri e tamén para defender dereitos desde o feminismo e desde unha concepción social avanzada e tamén seguiremos coa defensa da paz e denunciando o xenocidio en Palestina.

### Existe intención de pedir máis competencias estatutarias ou pedir directamente un novo estatuto de autonomía?

Creo que son liñas complementarias pois nós dicimos que debemos incrementar o autogoberno despois de quince anos, tempo no cal o PP non pediu ningunha nova competencia, creo

que Murcia ten unha situación similar, o resto de CCAA foron incrementando o seu autogoberno. Nós temos dereito a máis autogoberno que é igual a máis benestar, por iso reclamamos actuar en dúas vías. A primeira, transferencia inmediata todas as competencias pendentes, nós temos identificados até 35 ámbitos competenciales. En segundo lugar, creo que no Parlamento galego sería positivo ter unha ponencia para falar sobre como agrandar o noso autogoberno. Nós avogamos pola defensa dun novo estatus político de nación para Galicia, mais é evidente que para iso é necesario retirar o freo colocado polo PP ao autogoberno. Isto último fai que Galicia quede atrás e os demais avanzan.

### Cal cre que é o motivo dese freo?

Que o PP non cre no autogoberno e só obedece ao que di Madrid.

**Bodas - Comunionés**  
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404  
info@restaurantemanolo.es  
Antonio Palacios 101  
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

**Manolo**  
RESTAURANTE